

Martes 13, Xuño 2017 | [Movementos sociais](#)

Os 20 principios para o "bo trato" na vellez

Redacción | [@prazapublica](#)

Este xoves celébrase o *Día Internacional de toma de conciencia do abuso e maltrato na vellez*. Coincidindo con esta data, o Consejo General de la Psicología de España impulsa un manifesto con recomendacións para mellorar a calidade de vida na terceira idade, impulsado en Galicia como Colexio Oficial de Psicoloxía. No ano 2016 o 24,31% da poboación galega tiña máis de 65 anos e [a previsión é que no ano 2031 a porcentaxe chegue ao 31,33%](#). De feito, segundo estas proxeccións, nese ano [30 comarcas terán tres veces máis maiores de 65 anos que menores de 20 e as persoas maiores de 55 anos serán a metade da poboación galega](#).

O Colexio de Psicoloxía advirte de que **"o maltrato non sempre é evidente, senón que en moitas ocasións pode pasar inadvertido e pode agocharse detrás de comportamentos negligentes e de abandono que provocan, de forma invisible e silenciosa, exclusión e incluso enfermidade non só física, senón tamén mental"**. O concepto de maltrato sobre os maiores inclúe por este motivo "non só os actos violentos sobre estas persoas, senón que ten en conta a falta de medidas axeitadas para evitalo". Os psicólogos difunden un manifesto cunha vintena recomendacións e principios fundamentais do bo trato, acompañadas dunhas recomendacións para evitar estas prácticas:

- **Dereito a decidir.** Evitar que os outros decida por el ou por ela, aínda que a veces, a decisión que tome sexa contraria ao que pensan as persoas coas que convive e aman ao maior.
 - **Dereito a opinar.** A súa opinión ten o mesmo peso que o de outros membros do seu ámbito social, familiar ou comunitario.
 - **Dereito a aprender.** Manter o desexo de aprender é unha fortaleza que mostra curiosidade polo mundo que o rodea
 - **Dereito a namorar.** A persoa maior ten dereito a amar, sen sentirse axuizado ou culpable
 - **Dereito a expresar as emocións e os sentimentos.**
 - **Dereito a denunciar.**
 - **Dereito a xestionar o seu patrimonio.** O patrimonio acumulado é froito do traballo de toda unha vida e soamente a persoa maior debe decidir sobre o mesmo sen
- Praza emprega cookies só para analizar as visitas; non se garda información persoal dos

delegar en ninguén, sen ser coartado, condido ou manipulado por terceiros, ben sexan do ámbito familiar ou do ámbito social.

- **Dereito a vivir máis e mellor.** A persoa maior ten dereito a vivir nunhas condicións dignas, dereito a unha asistencia psicolóxica, sanitaria e social axeitada as súas necesidades
- **Dereito a acceder ás novas tecnoloxías.** As persoas maiores poden integrarse e formarse nas TIC
- **Dereito a gozar da súa sexualidade**
- **Dereito a decidir sobre a súa propia morte.** A vontade sobre o dereito a unha morte digna das persoas debe ser respectada mediante a elaboración dun testamento vital no caso de perda das facultades intelectuais. Esta vontade debe articularse a través dunha lexislación que vele polo dereito a morrer dignamente
- **Dereito a preservar a identidade persoal e a dignidade.** Dereito á liberdade, á autonomía, a ter un trato acorde a súa historia de vida, a ser respectado nas decisións, a que se lle dea a información sobre o estado de saúde e decidir que fai con ela.
- **Dereito a non ser tratado de maneira infantil,** evitando falarlle demasiado lento, como se non fora capaz de comprender o que se lle está dicindo, ou co volume moi alto, porque se dá por sentado que está xordo. Evitar, ademais, utilizar frases e vocabulario infantil.
- **Dereito á intimidade.** Non acceder aos espazos privados sen chamar, non abrir as súas cartas recibidas por correo postal
- **Dereito a ter o control.** As persoas maiores deben ter control sobre as súas pertenzas, cartilla bancaria, correspondencia, teléfono, pensión
- **Dereito a non ser inmovilizado,** evitando as subxeccións das persoas mediante elementos de fixación física ou os tratamentos farmacolóxicos que anulan a capacidade de mobilidade das persoas.
- **Dereito a non ser polimedicado innecesariamente**

Ademais, os órganos oficiais dos psicólogos e psicólogas propoñen a difusión de campañas de sensibilización sobre o valioso das persoas maiores, promover a participación das persoas maiores na sociedade, a **eliminación da linguaxe estigmatizante** (como "clase pasiva", "asistido", "enfermo de"...), e promover servizos e leis específicas destinadas ao maltrato á persoa maior. **Así mesmo, piden "coidas as persoas coidadoras"**, poñendo en marcha campañas de sensibilización sobre as persoas que coidan destas persoas (maioritariamente mulleres), achegándolles servizos de apoio psicolóxico "para aliviar a sensación de sobrecarga que aparece froito do estrés dos coidados".

COA TÚA ACHEGA FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.

Praza emprega cookies só para analizar as visitas; non se garda información persoal dos